
Resumo práctico de gramática eonaviega

(segundo a proposta *Cotarelo Valledor*)

Xavier Frías Conde

(UCM)

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA
COTARELO VALLEDOR



2001

CONSIDERACIÓIS PREVIAS

El eonaviego é el galego-portugués (e entre galego e portugués, é evidentemente el segundo, el galego) falado en Asturias na zona máis occidental, a chamada Terra Eo-Navia, de aí el sou nome. Así que así, algúns concellos, como Santiso de Abres, sul de A Veiga, Taramundi e a parroquia de Os Coutos en Ibias falan simplemente galego oriental de Lugo.

A súa posta por escrito, a súa subnorma, pensamos que debe basearse na da lingua galega, onde é preciso facer uha adaptación da norma del galego común para el galego eonaviego.

Portanto, el que pretendemos aquí é ofrecer aqueles elementos máis elementares que constitúen a esencia del eonaviego para que quen teña interese en se expresar nel, poida facelo, al tempo que apresentamos al público aqueles trazos máis significativos desta variante lingüística.

El obxecto dun subpadrón como el que aquí propoemos é que a escrita del eonaviego se unifique na medida del posíbel segundo todas as suas variantes e al mesmo tempo que os leitores galegos se poidan achegar a esta variante que, debidamente grafada, non é tan tornada como lles podería semellar á primeira vista.

Desde el sou primeiro momento, a proposta Cotarelo-Valledor pretendeu que a escrita fose flexíbel, de maneira que houbera a posibilidade de escribir mui achegado á fala real, ou tamén máis achegado al patrón del galego común, polo que a primeira postura se chamou *achegamento mínimo* e el outra *achegamento máximo*. Así, segundo os gustos de quen queira escribir, pódese alternar no uso del artigo *o* fronte a *el* ou *unha* fronte a *uha*. Nos máximos non se usa a palatalización, pero si non mínimos; en cualquiera cousa, non é algo ríxido pero trátase de ofrecer aos falantes uha ferramenta útil que fixe por escrito el galego eonaviego e lle permita un uso máis próximo á sua fala habitual ou, polo contrario, achegar máis el sistema escrito al que é el galego padrón.

Doutra banda, muitas das variantes quedan perfectamente recollidas baixo uha sola forma ortográfica. Tal ocorre con *quando* ou *cuanto*, que admiten até tres pronuncias distintas. Para el primeiro exemplo: /'kòndo/, /'kando/, /'kwando/. É preferíbel uha sola grafía, aínda que existan tres pronuncias distintas.

SISTEMA ORTOGRÁFICO

Segundo a filosofía que vimos defendendo, el eonaviego ten como base el sistema ortográfico galego al cual se lle amecen determinados elementos.

Non pensamos que pague a pena expoer todo el sistema alfabético, polo que nos limitamos a sinalar aqueles elementos que son propios del subpadrón eonaviego.

1. Grafías particulares

Imos sinalar algúns grafemas que precisan certas explicaciois:

<ɭ>: este grafema representa a palatalización que se dá nalgúns puntos del dominio, máis cara a parte oriental. El sou emprego é potestativo, el cual quer dicir que cuando se pretenda espellar a palatalización pola razón que seña, farase uso de \approx , pero quen non pretenda espellala, ben pode omiti \approx o.

Resulta interesante comprobar como gracias a este grafema podemos manter perfectamente a unidade ortográfica coel resto del dominio. Así, a grafía *muller, traballo, coller, lle, palla*, etc., que segundo as zonas terá uha pronuncia con / λ / ou con /j/, mais está unificado ortograficamente e inserido no resto del dominio.

Doutra banda, el uso de <i> queda restrinxido a certos casos como: *maior, maio, oio* (=ouvo), *caio* (de *caer*), *traio* (de *traer*), *aboiar, boia, ɭaiar*, onde en xeral consérvase uha pronuncia distinta da sinalada enriba. En cualquiera caso, isto permite el establecemento de certos pares con diferenciación fonolóxica: *oio ~ ollo*.

Para a toponimia parécenos máis axeitado empreguar o digrafo <lh>, e non opcionalmente, mais en todas as ocasiois; dese modo hase poder distinguir entre *Vilar* e *Vilhar*, por poemos un exemplo.

<b/v>: El sou emprego está suxeito a criterios etimolóxicos as máis das veces. Fronte al caste \approx ao, en eonaviego úsase en: *rebentar, dobeło, marabilla, beira, baleiro*

En troque, úsase <v> en: *vulto, avultar, avogado [advogado], avolo [avó], varrer, vasoiro, vasadoiro, vuitra.*

<h>: El sou emprego ou omisión tampouco coincide decote coel caste≈ao. Ponse <h> en: *harmonía, hierarquía* (tamén *xerarquía*), *harpa, filharmónica, subhasta*. É inxustificable poela en palabras como *irmao, irmá, ovo, óso*, etc. Non levan <h> palabras como *olá* (saúdo).

2. Acentuación

2.1. Xeneralidades

As regras de acentuación en eonaviego son igual que en galego, que basicamente coinciden cōas del castelao. Contodo, é preciso ter en conta:

1. Non se acentúan os verbos da mesma maneira cuando van amalgamados con pronomes clíticos: *cantará* mais *cantarase*. É excepción é en *élo [éol], éche, énos*, etc. que sempre mantén el sou acento.
2. En ningún caso se acentúan os adverbios en *–mente*: *rapidamente, fantásticamente*, etc.
3. Non se acentúan os ditongos (e tritongos) decrecentes: *camiois, animais, furois, almaceis, falou*, etc. Portanto, si se acentua: *difíceis, túneis*, etc.

2.2. Uso del circunflexo

El acento circunflexo ou chapeu <^> úsase con <ê> e <ô> para marcar duas pronuncias. Nuha parte del eonaviego sōan /e/ e /o/ respectivamente, mentres que nel outra sōan /i/ e /u/. Desta maneira, evitamos el emprego de grafía dobres del tipo *chea ~ chía, boa ~ búa* e unificámola con *chêa e bôa*, que tein dobre pronuncia.

El emprego deste sistema nos verbos é como segue: namais se pon el chapeu (^) cuando <e> ou <o> son tónicos, é dicir, cargan coel acento de intensidade. Deste modo, al conxugar el verbo *soar* en presente de indicativo e de conxuntivo ou subxuntivo, temos: *sōo, sōas, sôa, soamos, soades, sōan; sôe, sôes, sôe, soemos, soedes, sôen*. Para el verbo *cear* temos: *cêo, cêas, cêa*,

ceamos, ceades, cêan; cêe, cêes, cêe, ceemos, ceedes, cêen. No resto das formas verbais non se usa

2.3. Uso del diacrítico

El acento diacrítico, aquel que permite distinguir palabras cuase iguais, empréganse en eonaviego dacuando con certas diferencias respecto al galego común, visto que os casos poden non coincidir. Estos son os máis comúis:

<i>cal</i> (<QUALE o CALCE)	<i>cál</i> (<CANALE)
<i>grao</i> (<GRADU)	<i>gráo</i> (<GRANU)
<i>a</i> (prep. ou art.)	<i>á</i> (contracción)
<i>cha</i> (<i>che</i> + <i>a</i>)	<i>chá</i> (fem. de <i>chao</i>)
<i>pais</i> (<PATRES)	<i>páis</i> (<PANES)
<i>mais</i> (conx.)	<i>máis</i> (adverbio)
<i>merma</i> (de <i>mermar</i>)	<i>mérma</i> (páxaro)
<i>neto</i>	<i>néto</i> (=fillo del fillo)
<i>pelo</i>	<i>pélo</i> (=debullo)
<i>pe</i> (nome de letra)	<i>pé</i> (fin da perna)
<i>sen</i> (prep.)	<i>sén</i> (= seo)
<i>ven</i> (de <i>ver</i>)	<i>vén</i> (de <i>vir</i> , 3PS pres. ind.)
<i>bola</i> (de pan)	<i>bóla</i> (de xogar)
<i>nós</i> (tónico)	<i>nós</i> (átono)
<i>vós</i> (tónico)	<i>vós</i> (átono)
<i>so</i> (=baixo)	<i>só</i> (=solo)
<i>oso</i> (animal)	<i>óso</i>
<i>fora</i> (do verbo <i>ir</i> ou <i>ser</i>)	<i>fóra</i> (adverbio)
<i>compre</i> (de <i>comprar</i> e <i>cumprir</i>)	<i>cómpre</i> (de <i>cumprir</i> (=ser mester))
<i>polo</i> (or. <i>po</i> ≈ <i>o</i>)	<i>pólo</i> (=extremo)

Non se acentúan *uha, alguha, ninguha, duas, tuas, suas*.

3. Outros elementos ortográficos

Pensamos que é totalmente desnecesario utilizar os signos de interrogación e admiración no comezo, e abonda con os poer na fin da secuencia. Se for imprescindible para uha bôa comprensión e evitar ambigüidades, daquela póñase.

3.1. Dos grupos de oclusiva / fricativa + lateral.

formas con -r-	formas con -l-
----------------	----------------

BR-:	<i>branco, nobre, brando, Bras, nebra</i>	<i>bloque, -ble¹, blusa, etc.</i>
CR-:	<i>cravo, crume, recruta, crego, escravo</i>	<i>claro, claridade, clave, etc.</i>
FR-:	<i>frouxo, fraque, frauta</i>	<i>aflicción, conflicto, flegma, flotar, flota, flor, etc.</i>
GR-:	<i>gravata, regra</i>	<i>gloria, globo, etc.</i>
PR-:	<i>promo, despromar, praia, praza, prazo, prato, prata, prancha, preito, praga, empregar</i>	<i>plúmbeo, plan, placa, etc.</i>

3.2. Grupos cultos.

- **b + outra consoante:** *submiso, submisión, subxecto* (en gramática e filosofía), *subtraír*
- **Grupo -bs-:** *substancia, substantivo, substituír*
- **Grupo -ct- ou -cc-:** *adxectivo, obxecto, obxección, respecto, subxecto, subxección* (obsérvase que os derivados desta familia levan todos -x-: *abxecto, proxecto, inxectar, etc.*), *districto, delicto, olfacto*.

É de notar que en galego pódese eliminar o -c- sempre que vaia precedido de -i- ou -u-: *estrutura, produto, dición, dicionario, ditado, aflicción, etc.*

- **Outros:** *prognóstico, fisognomía*

El galego presenta **de(s)-** e non **di(s)-** en *deputado, deputación, demisión, demitir, defunto, desfrutar*. Igualmente a forma correcta é *diminuír* (cf. *diminuto, diminutivo*). Del adxectivo *hipócrita* el sou substantivo é *hipocrisía*. Outro cambio, mais agora á inversa, dáse con *efémero*.

As formas correctas noutra familia léxica son *cirurxía* e *cirurxao* (Gal. com. *cirurxán*). Outro derivado é *cirúrxico*.

Hai uha antiga vocalización en -ut- en: *douto, doutor* e *outubro*. Semellante é el caso de *auto* (no teatro) e *bautizo* (xunto con *boutizo*), mais *cativo*.

A terminación *-scripción* xa perdeu o sou -p- nos primeiros tempos do idioma: *inscrición, subscrición, adscrición, etc.*

¹ É preferitamente normal *-ábel, -íbel: amábel, posíbel*.

3.3. Outras terminacións

- **Latín -amen, -umen**

-me: *certame, exame, orde, Carme, volume*, etc.

- **Grego -sis, -tis**

-se e -te respectivamente: *análise, xénese, cistite, crise*, etc. Non pertencen a este grupo *oasis, tenis, gratis*.

- **Francés -age**

-axe cōa característica de ser feminino: *a bagaxe, a equipaxe, a paisaxe, a fogaxe, a friaxe, a viaxe, a piaxe*, etc. Son excepcións, por procederen doutra orixe, el paxe e el traxe. Adoita usarse tamén como masculino el garaxe e el personaxe.

PARADIGMAS MORFOLÓXICOS

4. Formación de femenino en nomes e adxectivos

4.1. Mudanzas de morfemas ou morfema cero

masc.	fem.
<i>alto</i>	<i>alta</i>
<i>cansado</i>	<i>cansada</i>
<i>italiano</i>	<i>italiana</i>
<i>doutor</i>	<i>doutora</i>
<i>xuíz</i>	<i>xuíza</i>
<i>folgazán</i>	<i>folgazá</i>
<i>catalán</i>	<i>catalá ~ catalana</i>
<i>alemán</i>	<i>alemá ~ alemana</i>
<i>interesante</i>	<i>interesante</i>
<i>fatal</i>	<i>fatal</i>
<i>taxista</i>	<i>taxista</i>
<i>ciclista</i>	<i>ciclista</i>
<i>irmao</i>	<i>irmá</i>
<i>chao</i>	<i>chá</i>
<i>aldeao</i>	<i>aldeá</i>
<i>artesaio</i>	<i>artesa</i>
<i>castelao</i>	<i>castelá</i>
<i>chen</i>	<i>chêa</i>
<i>estén</i>	<i>estêa</i>
<i>sobrín</i>	<i>sobría</i>
<i>rapacín</i>	<i>rapacia</i>
<i>vicín</i>	<i>vicía</i>
<i>bon</i>	<i>bôa</i>
<i>ladrón</i>	<i>ladrôa</i>
<i>león</i>	<i>eôa</i>
<i>bretón</i>	<i>bretona</i>
<i>saxón</i>	<i>saxona</i>

4.2. Mudanza de lexema ou variacións importantes

masculino	feminino
<i>can</i>	<i>cadela, cuza</i>
<i>avisougo, abázcaro</i>	<i>abella</i>
<i>carneiro</i>	<i>ovella</i>
<i>castrón</i>	<i>cabra</i>
<i>touro, boi</i>	<i>vaca</i>
<i>cabalo</i>	<i>égoa</i>
<i>tigre</i>	<i>tigresa</i>
<i>galo</i>	<i>galía, pita</i>
<i>home</i>	<i>muller</i>
<i>padrín</i>	<i>madría</i>
<i>pai</i>	<i>mai</i>
<i>actor</i>	<i>actriz</i>
<i>imperador</i>	<i>imperatriz</i>
<i>duque</i>	<i>duquesa</i>
<i>marqués</i>	<i>marquesa</i>
<i>rei</i>	<i>raíña, raina</i>
<i>príncipe</i>	<i>princesa</i>
<i>vampiro</i>	<i>vampiresa</i>

5. Paradigma de número no nome e adxectivo

sing.	plur.
<i>alto</i>	<i>altos</i>
<i>irmao</i>	<i>irmaos</i>
<i>cansado</i>	<i>cansados</i>
<i>interesante</i>	<i>intersantes</i>
<i>taxista</i>	<i>taxistas</i>
<i>rei</i>	<i>reis</i>
<i>boi</i>	<i>bois</i>
<i>saber</i>	<i>saberes</i>
<i>animal</i>	<i>animais ~ animales</i>
<i>cuartel</i>	<i>cuarteis ~ cuarteis</i>
<i>caracol</i>	<i>caracois ~ caracoles</i>
<i>azul</i>	<i>azuis ~ azules</i>
	Os plurais con -l caedizo están perfectamente testemuñados en eonaviego. Estes son, contodo, recomendábeis na ~ingua escrita, por manter uha maior unidade coel resto del galego-portugués.

<i>amábel</i> <i>posíbel</i> <i>túnel</i>	<i>amábeis</i> <i>posíbeis</i> <i>túneis ~ túneles</i> Loxicamente, estas formas alternan cōas normais na fala <i>amable(s), posible(s)</i> .
<i>alemán</i> <i>folgazán</i>	<i>alemais</i> <i>folgazais</i>
<i>chen</i> <i>sén</i>	<i>chêos</i> <i>sêos</i>
<i>almacén</i> <i>retén</i>	<i>almaceis</i> <i>reteis</i>
<i>sobrín</i> <i>vicín</i> <i>padrín</i>	<i>sobríos</i> <i>vicíos</i> <i>padríos</i>
<i>fin</i>	<i>fins /fis/</i>
<i>bon</i>	<i>bôs</i>
<i>camión</i> <i>razón</i>	<i>camiois</i> <i>razois</i>
<i>común</i> <i>atún</i>	<i>comúis</i> <i>atúis</i>
<i>martes</i> <i>mércores</i> <i>tirapedras</i> <i>sopragaitas</i> <i>póster</i> <i>chándal</i>	<i>martes</i> <i>mércores</i> <i>tirapedras</i> <i>sopragaitas</i> <i>póster</i> <i>chándal</i>

6. Comparación

6.1. Dos adxectivos e os adverbios

6.1.1. Comparativo

6.1.1.1. Superioridade

<i>máis</i>	adx.	<i>que</i>
-------------	------	------------

6.1.1.2. Igualdade

<i>igual de</i>	adx.	<i>que</i>
<i>tan</i>		<i>como</i>

6.1.1.3. Inferioridade

<i>menos</i>	adx.	<i>que</i>
--------------	------	------------

6.2. Dos nomes

6.2.1. Comparativo

6.2.1.1. Superioridade

<i>máis</i>	nome	<i>que</i>
-------------	------	------------

6.2.1.2. Igualdade

<i>tanto(s) /-a(s)</i>	nome	<i>como</i>
------------------------	------	-------------

6.2.1.3. Inferioridade

<i>menos</i>	nome	<i>que</i>
--------------	------	------------

7. Artigos

7.1. Artigo definido

7.1.1. Formas

	masculino		feminino		neutro	
singular	<i>el</i>	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>el</i>	<i>el</i>	<i>o</i>
plural	<i>os</i>		<i>as</i>		<i>os</i>	

El masculino/neutro singular pode ser *el* ou *o* segundo un uso de máximos ou mínimos. El neutro nunca é **lo*, que é castelanismo.

A forma *o* está perfectamente documentada en eonaviego.

Cuando se queiran usar as formas asimiladas propias dalgunhas zonas, estas non se marcarán nunca con hifen ou guion: *beber o viño, sabes o que che digo?*. Loxicamente, estas formas ben poden alternar cós non asimiladas: *beber el viño, sabes el que che digo?*

En feminino úsase *el* diante de vogal tónica: *el alma, el época, el ira, el hora, el uva*.

7.1.2. Contraccións de artigo con preposición

prep.	<i>el</i>	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>os</i>	<i>as</i>
<i>a</i>	<i>al</i>	<i>ao</i>	<i>á</i>	<i>aos</i>	<i>ás</i>
<i>de</i>	<i>del</i>	<i>do</i>	<i>da</i>	<i>dos</i>	<i>das</i>

<i>con</i>	<i>co / coel</i>	<i>co</i>	<i>côa</i>	<i>côs</i>	<i>côas</i>
<i>por</i>	<i>polo</i>	<i>polo</i>	<i>pola</i>	<i>polos</i>	<i>polas</i>
<i>pra*</i>	<i>pra el</i>	<i>pra o</i>	<i>pra a</i>	<i>pra os</i>	<i>pra as</i>

(*) *pra* é forma reducida, propia de textos que son fieis á tradición oral. Para el resto dos casos é preferíbel *para*, que non admite contraccións de ningunha caste.

7.2. Artigo indefinido

7.2.1. Formas

	masculino	feminino
singular	<i>un</i>	<i>uha ~ unha</i>
plural	<i>uns</i>	<i>uhas ~ unhas</i>

A grafía *uha* xa vén de hai moito tempo en eonaviego e admite diversas pronunciacións. É forma enxebre eonaviega, el mesmo que *unha* que tamén se rexistra en abondas zonas occidentais.

En feminino singular úsase *un* alófono de *uha* como *el* antes citado: *un alma, un época, un illa, un hora, un hucha*. Loxicamente, en todos estes casos é válido *unha*.

A forma plural *uns* admite tres pronunciacións: /us/, /uis/, /uɲos/. A súa forma ortográfica mantén a unidade coel resto del galego-portugués.

7.2.2. Contraccións

	<i>un</i>	<i>uha</i>	<i>uns</i>	<i>uhas</i>
<i>con</i>	<i>cun</i>	<i>cuha</i>	<i>cuns</i>	<i>cuhas</i>
<i>de</i>	<i>dun</i>	<i>duha</i>	<i>duns</i>	<i>duhas</i>
<i>en</i>	<i>nun</i>	<i>nuha</i>	<i>nuns</i>	<i>nuhas</i>

8. Posesivos

8.1. Formas sintéticas

	singular		plural	
	masc.	fem.	masc.	fem.
1PS	<i>meu</i>	<i>mía</i>	<i>meus</i>	<i>mías</i>
2PS	<i>tou</i>	<i>tua</i>	<i>tous</i>	<i>tuas</i>
3PS	<i>sou</i>	<i>sua</i>	<i>sous</i>	<i>suas</i>
1PP	<i>noso</i>	<i>nosa</i>	<i>nosos</i>	<i>nosas</i>
2PP	<i>voso</i>	<i>vosa</i>	<i>vosos</i>	<i>vosas</i>
3PP	<i>sou</i>	<i>sua</i>	<i>sous</i>	<i>suas</i>

8.2. Formas analíticas

Van tras del nome al que acompañan: *uns amigos de tou*. El posesivo queda invariábel

	singular		plural	
	masc.	fem.	masc.	fem.
1PS	<i>de meu</i>			
2PS	<i>de tou</i>			
3PS	<i>de sou</i>			
1PP	<i>de noso</i>			
2PP	<i>de voso</i>			
3PP	<i>de sou</i>			

Tamén é frecuente el uso de *del, dela, delos, delas*, na terceira persôa: *a sua casa = a casa del*.

9. Demostrativos

9.1. Formas

	sing.			plur.	
	masc.	fem.	neut.	masc.	fem.
I	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i> <i>isto</i>	<i>estos</i>	<i>estas</i>
II	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i> <i>iso</i>	<i>esos</i>	<i>esas</i>
III	<i>aquel</i>	<i>aquela</i>	<i>aqueño</i> <i>aquilo</i>	<i>aquelos</i>	<i>aquelas</i>

As formas *isto, iso e aquilo* non son propias del eonaviego, mais nuha lingua literaria pódense usar para seguir a norma galego-portuguesa.

9.2. Contraccións con preposicións

de deste, dese, daquel
en neste, nese, naquel

10. Pronomes persoais

10.1. Tabra

	tónicas			átonas	
1PS	<i>eu</i>	<i>min</i>	<i>comigo</i>	<i>me</i>	
2PS	<i>tu</i>	<i>ti</i>	<i>contigo</i>	<i>te</i>	<i>che</i>
3PSM	<i>el</i>	<i>el</i>	<i>con el</i>	<i>el, o</i> <i>lo</i> <i>no</i>	<i>lle</i>
	—	<i>si</i>	<i>consigo</i>	<i>se</i>	
3PSF	<i>ela</i>	<i>ela</i>	<i>con ela</i>	<i>a</i> <i>la</i> <i>na</i>	<i>lle</i>
	—	<i>si</i>	<i>consigo</i>	<i>se</i>	
3PSN	<i>elo</i>	<i>elo</i>	<i>con elo</i>	<i>el, o</i> <i>lo</i> <i>no</i>	<i>lle</i>
1PP	<i>nós</i>	<i>nós</i>	<i>con nós</i> <i>connosco</i>	<i>nos</i>	
2PP	<i>vós</i>	<i>vós</i>	<i>con vós</i> <i>convosco</i>	<i>vos</i>	
3PPM	<i>elos</i>	<i>elos</i>	<i>con elos</i>	<i>os</i> <i>los</i> <i>nos</i>	<i>lles</i>
3PPF	<i>elas</i>	<i>elas</i>	<i>con elas</i>	<i>as</i> <i>las</i> <i>nas</i>	<i>lles</i>

Os distintos alomorfos da terceira persôa repartíllanse da seguinte maneira:

(a) a forma primeira *el* vai sempre proclítica en contorno vocálico: *xa el sei, cuando el queiras, para el poer*; a forma *o* vai tras consoante: *non o vexo*, mais no feminino e todo el plural hai uha forma única que é sempre proclítica: *non as teño, xa as deixei*.

(b) a forma con <l> é sempre enclítica e vai tras ditongo: *deixeilo, rouboula*, tras vogal simple: *téñola, véxalas*, tras -s: *espéraslas*, con infinitivo, que perde /r/: *entendeło*

(c) a forma con nasal <n> vai tras nasal: *sóubenno, faláronno*.

10.2. Contracciois de pronomes átonos

	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>os</i>	<i>as</i>
<i>me</i>	<i>mo</i>	<i>ma</i>	<i>mos</i>	<i>mas</i>
<i>che</i>	<i>cho</i>	<i>cha</i>	<i>chos</i>	<i>chas</i>
<i>lle</i>	<i>llo</i>	<i>lla</i>	<i>llos</i>	<i>llas</i>
<i>nos</i>	<i>nolo</i>	<i>nola</i>	<i>nolos</i>	<i>nolas</i>
<i>vos</i>	<i>volo</i>	<i>vola</i>	<i>volos</i>	<i>volas</i>
<i>lles</i>	<i>llelo</i>	<i>llela</i>	<i>llelos</i>	<i>llelas</i>

11. Indefinidos e cuantificadores

11.1. Invariábeis:

- *cada,*
- *alguén: daquén,*
- *ninguén,*
- *cualquera,*
- *demais,*
- *quenqueira.*

11.2. Variábeis:

- *todo, toda, todos, todas;*
- *ningún, ninguha, ningún, ninguha;*
- *algún, alguha, algúns, alguhas;*
- *certo, certa, certos, certas,*
- *outro, outra, outros, outras;*
- *ambos, ambas; frecuentemente ambos os e ambas as*
- *abondo, abonda, abondos, abondas;*
- *muito, muita, muitos, muitas;*
- *tanto, tanta, tantos, tantas;*
- *tal, tales:tais;*
- *uns cuantos, uhas cuantas;*
- *varios, varias;*
- *un, uha, uns, uhas;*
- *demasiado, demasiada, demasiados, demasiadas*
- *entrambos, entrambas*

12. Interrogativos e relativos

- *quen*
- *que*;
- *onde*, normalmente pronunciado /'unde/,
- *como*,
- *cuando* pronunciado /'kwando/, /'kando/, /'kòndo/
- *cuanto*, *cuanta*, *cuantos*, *cuantas*, pronunciado /'kwanto/, /'kanto/, /'kònto/
- *cual*, *cuais*~*cuales*.

13. Numerais

13.1. Cardinais

1. <i>un</i> , <i>uha</i>	2. <i>dous</i> , <i>dúas</i>	3. <i>tres</i>
4. <i>cuatro</i>	5. <i>cinco</i>	6. <i>seis</i>
7. <i>sete</i>	8. <i>oito</i>	9. <i>nove</i>
10. <i>dez</i>	11. <i>once</i>	12. <i>doce</i>
13. <i>trece</i>	14. <i>catorce</i>	15. <i>quince</i>
16. <i>dazaseis</i>	17. <i>dazasete</i>	18. <i>dazaoito</i>
19. <i>dazanove</i>	20. <i>vinte</i>	21. <i>vinte un</i>
22. <i>vinte dous</i>	30. <i>trinta</i>	40. <i>corenta</i>
50. <i>cincuenta</i>	60. <i>sesenta</i>	70. <i>setenta</i>
80. <i>oitenta</i>	90. <i>noventa</i>	100. <i>cen</i>
200. <i>douscentos</i>	300. <i>trescentos</i>	400. <i>cuatrocentos</i>
500. <i>cincocentos</i>	600. <i>seiscentos</i>	700. <i>setecentos</i>
800. <i>oitocentos</i>	900. <i>novacentos</i>	1000. <i>mil</i>

As centenas admiten feminino: *duascentas*, *trescentas*, etc.

13.2. Ordinais (até el décimo con variación de xénero e número)

- *primeiro*,
- *segundo*,
- *terceiro*,
- *cuarto*,
- *quinto*,
- *sexto*,
- *sétimo*,
- *oitavo*,
- *noveno*,
- *décimo*.

13.3. Partitivos

- *metade,*
- *dobre,*
- *triple,*
- *medio [meio],*
- *tercio,*
- *cuarto,*
- *quinto,*
- *ducia.*

14. Tabra de conxugación de verbos regulares

14.1. Paradigma ordinario

I CONXUGACION <i>falar</i>	II CONXUGACION <i>coller</i>	III CONXUGACION <i>partir</i>
INDICATIVO		
Presente		
<i>falo</i>	<i>collo</i>	<i>partio, parto</i>
<i>falas</i>	<i>colles</i>	<i>partes,</i>
<i>fala</i>	<i>colle</i>	<i>parte</i>
<i>falamos</i>	<i>collemos</i>	<i>partimos</i>
<i>falades</i>	<i>colledes</i>	<i>partides</i>
<i>falan</i>	<i>collen</i>	<i>parten</i>
Pretérito imperfecto		
<i>falaba</i>	<i>collía</i>	<i>partía</i>
<i>falabas</i>	<i>collías</i>	<i>partías</i>
<i>falaba</i>	<i>collía</i>	<i>partía</i>
<i>falábamos</i>	<i>collíamos</i>	<i>partíamos</i>
<i>falábades</i>	<i>collíades</i>	<i>partíades</i>
<i>falaban</i>	<i>collían</i>	<i>partían</i>
Pretérito Perfeito		
<i>falei (n)</i>	<i>collín</i>	<i>partín,</i>
<i>falache</i>	<i>colliche</i>	<i>partiche</i>
<i>falou</i>	<i>colleu</i>	<i>partiu</i>
<i>falamos</i>	<i>collemos</i>	<i>partimos</i>
<i>falastes</i>	<i>collestes</i>	<i>partistes</i>
<i>falaron</i>	<i>colleron</i>	<i>partiron</i>
Pretérito pluscuamperfeito ou máis-que-perfeito		
<i>falara</i>	<i>collera</i>	<i>partira</i>

<i>falaras</i>	<i>colleras</i>	<i>partiras</i>
<i>falara</i>	<i>collera</i>	<i>partira</i>
<i>faláramos</i>	<i>colléramos</i>	<i>partíramos</i>
<i>falárades</i>	<i>collérades</i>	<i>partírades</i>
<i>falaran</i>	<i>colleran</i>	<i>partiran</i>
futuro		
<i>falarei</i>	<i>collerei</i>	<i>partirei</i>
<i>falarás</i>	<i>collerás</i>	<i>partirás</i>
<i>falará</i>	<i>collerá</i>	<i>partirá</i>
<i>falaremos</i>	<i>colleremos</i>	<i>partiremos</i>
<i>falaredes</i>	<i>colleredes</i>	<i>partiredes</i>
<i>falarán</i>	<i>collerán</i>	<i>partirán</i>
condicional		
<i>falaría</i>	<i>collería</i>	<i>partiría</i>
<i>falarías</i>	<i>collerías</i>	<i>partirías</i>
<i>falaría</i>	<i>collería</i>	<i>partiría</i>
<i>falaríamos</i>	<i>colleríamos</i>	<i>partiríamos</i>
<i>falariades</i>	<i>colleriades</i>	<i>partiriades</i>
<i>falarían</i>	<i>collerían</i>	<i>partirían</i>
SUBXUNTIVO OU CONXUNTIVO		
presente		
<i>fale</i>	<i>colla</i>	<i>part(i)a</i>
<i>fales</i>	<i>collas</i>	<i>part(i)as</i>
<i>fale</i>	<i>colla</i>	<i>part(i)a</i>
<i>falemos</i>	<i>collamos</i>	<i>part(i)amos</i>
<i>faledes</i>	<i>collades</i>	<i>part(i)ades</i>
<i>falen</i>	<i>collan</i>	<i>part(ia)n</i>
imperfecto		
<i>falase</i>	<i>collese</i>	<i>partise</i>
<i>falases</i>	<i>colleses</i>	<i>partises</i>
<i>falase</i>	<i>collese</i>	<i>partise</i>
<i>falásemos</i>	<i>collésemos</i>	<i>partísemos</i>
<i>falásedes</i>	<i>collésedes</i>	<i>partísedes</i>
<i>falasen</i>	<i>collesen</i>	<i>partisen</i>
IMPERATIVO		
<i>fala</i>	<i>colle</i>	<i>parte</i>
<i>falade</i>	<i>collede</i>	<i>partide</i>
FORMAS NOMINAIS		
infinitivo		
<i>falar</i>	<i>coller</i>	<i>partir</i>
xerundio		
<i>falando</i>	<i>collendo</i>	<i>partindo</i>

participio		
<i>falado</i>	<i>collido</i>	<i>partido</i>
infinitivo conxugado		
<i>falar</i>	<i>coller</i>	<i>partir</i>
<i>falares</i>	<i>colleres</i>	<i>partires</i>
<i>falar</i>	<i>coller</i>	<i>partir</i>
<i>faláremos</i>	<i>colléremos</i>	<i>partíremos</i>
<i>falárades</i>	<i>colléredes</i>	<i>partíredes</i>
<i>falaren</i>	<i>colleren</i>	<i>partiren</i>

14.2. Conxugación dun verbo con pronome enclítico

<i>fálolo</i>	<i>faleilo ~ faleino</i>
<i>fálaslo</i>	<i>faláchelo</i>
<i>fálalo</i>	<i>faloulo</i>
<i>falámolo</i>	<i>falámolo</i>
<i>faládelo</i>	<i>falástelo</i>
<i>fálanno</i>	<i>faláronno</i>

14.3. Perífrases

14.3.1. Perífrases temporais

- *Ir + inf.:* *vou mercar os bois á Pola.*
- *Estar a + inf. / estar + xer.:* *estaban a falar hai un cachín*
- *Querer + inf.:* *parece que quer estear.*
- *Estar para + inf. (ou estar a pique de + inf.):* *Como estaban anoxados, estiveron para / a pique de berraren.*

14.3.2. Perífrases modais, obrigativas e hipotéticas

- *Haber + inf. ou haber de + inf. ou haber a + inf.:* *has (a) falar con tou irmao.*
- *Hai que + inf.:* *hai que se dar présa.*
- *Ter que + inf.:* *Teis que me mirar as rodas do coche.*

- *Ter de + inf.: Tes de botar esa carta al correo.*
- *Deber + inf.: Deberían chegar máis cedo.*
- *Poder + inf.: Non podo entender o que faen.*
- *Ser a + inf. ou ser quen de + inf.: Non son a abrir esta botella*

14.3.3. Perífrases aspectuais imperfectivas

- *Andar a + inf. ou andar + xer.: Andaban a buscar cogorzos despois de chover.*
- *Levar a + inf. ou levar + xer.: Levan toda a mañá a traballar.*
- *Ir + xer.: Van aprendendo muito ultimamente.*

14.3.4. Perífrase aspectuais perfectivas

- *Acabar de + inf.: Acabo de falar con el.*
- *Estar a pique de + inf.: Estaban a pique de chegar, mais tiveron un accidente*
- *Deixar de + inf.: Deixa de falar con todos os que atopa pola rúa.*
- *Ter + part.: Teño xa rematado todos os exames*
- *Dar + part.: Non dan chegado aínda.*
- *Vir de + inf.: Vimos de comer.*

14.4. El infinitivo conxugado

Usos:

- Cuando tendo o mesmo subxecto que a oración principal, el infinitivo vai precedido de preposición: *Para mercármos o pan imos darnos présa.*

- Cuando hai muita distancia entre el verbo principal e mais o infinitivo: *Prendemos a televisión ás dúas da mañá, cond todo todos están deitados para graváremos o programa no vídeo.*
- Cuando a 3º persoa del plural indica a indeterminación del suxeito: *É hora de faláremos; A culpa é del xuíz porque non deixou prenderen os ladrois.*
- En construcións reflexivas e en verbos pronominais: *Avisamos aos vicios para viren ás cinco; Mercámosche un galano para longo queixáreste de que non che prestaba.*
- Cuando el infinitivo ten un suxeito expreso distinto del del verbo principal: *Víronte al salires de alí.*

Cuando se quer expresar o suxeito que é distinto al del verbo principal: *Falan para escoitáremolos.*

15. Tabra de conxugación dos verbos irregulares

Caber

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>cabio / cabo</i>	<i>couben</i>	<i>cabía</i>	<i>caberei</i>	<i>cabería</i>
<i>cabes</i>	<i>coubiche</i>	<i>cabías</i>	<i>caberás</i>	<i>caberías</i>
<i>cabe</i>	<i>coubo</i>	<i>cabía</i>	<i>cabirá</i>	<i>cabería</i>
<i>cabemos</i>	<i>coubemos</i>	<i>cabíamos</i>	<i>caberemos</i>	<i>caberíamos</i>
<i>cabedes</i>	<i>coubestes</i>	<i>cabíades</i>	<i>caberedes</i>	<i>caberiades</i>
<i>caben</i>	<i>couberon</i>	<i>cabían</i>	<i>cabarán</i>	<i>cabrían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>cab(i)a</i>	<i>coubese</i>			
<i>cab(i)as</i>	<i>coubeses</i>	<i>cabe</i>		
<i>cab(i)a</i>	<i>coubese</i>		<i>cabendo</i>	<i>cabido</i>
<i>cab(i)amos</i>	<i>coubésemos</i>			
<i>cab(i)ades</i>	<i>coubésedes</i>	<i>cabede</i>		
<i>cab(i)an</i>	<i>coubesen</i>			

Caer

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>caio</i>	<i>caín</i>	<i>caía</i>	<i>caerei</i>	<i>caería</i>
<i>caes</i>	<i>caíche</i>	<i>caías</i>	<i>caerás</i>	<i>caerías</i>

<i>cae</i> <i>caemos</i> <i>caedes</i> <i>caen</i>	<i>caeu</i> <i>caémos</i> <i>caestes</i> <i>caeron</i>	<i>caía</i> <i>caíamos</i> <i>caíades</i> <i>caían</i>	<i>caerá</i> <i>caeremos</i> <i>caeredes</i> <i>caerán</i>	<i>caería</i> <i>caeríamos</i> <i>caeríades</i> <i>caerían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>caia</i> <i>caias</i> <i>caia</i> <i>caíamos</i> <i>caíades</i> <i>caían</i>	<i>caese</i> <i>caeses</i> <i>caese</i> <i>caésemos</i> <i>caésedes</i> <i>caesen</i>	<i>cae</i> <i>caede</i>	 <i>caendo</i>	 <i>caído</i>

Choer

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>choio</i>	<i>choín</i>	<i>choía</i>	<i>choerei</i>	<i>choería</i>
<i>choes</i>	<i>choíche</i>	<i>choías</i>	<i>choerás</i>	<i>choerías</i>
<i>choe</i>	<i>choeu</i>	<i>choía</i>	<i>choerá</i>	<i>choería</i>
<i>choemos</i>	<i>choémos</i>	<i>choíamos</i>	<i>choeremos</i>	<i>choeríamos</i>
<i>choedes</i>	<i>choestes</i>	<i>choiades</i>	<i>choeredes</i>	<i>choeríades</i>
<i>choen</i>	<i>choeron</i>	<i>choían</i>	<i>choerán</i>	<i>choerían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>choia</i>	<i>choese</i>			
<i>choias</i>	<i>choeses</i>	<i>choe</i>		
<i>choia</i>	<i>choese</i>		<i>choendo</i>	<i>choído</i>
<i>choíamos</i>	<i>choésemos</i>			
<i>choiades</i>	<i>choésedes</i>	<i>choede</i>		
<i>choian</i>	<i>choesen</i>			

Dar

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>dou</i>	<i>din</i>	<i>daba</i>	<i>darei</i>	<i>daría</i>
<i>dás</i>	<i>diche</i>	<i>dabas</i>	<i>darás</i>	<i>darías</i>
<i>dá</i>	<i>deu</i>	<i>daba</i>	<i>dará</i>	<i>daría</i>
<i>damos</i>	<i>demos</i>	<i>dabámos</i>	<i>daremos</i>	<i>daríamos</i>
<i>dades</i>	<i>destes</i>	<i>dábades</i>	<i>daredes</i>	<i>daríades</i>
<i>dan</i>	<i>deron</i>	<i>daban</i>	<i>darán</i>	<i>darían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>dêa</i>	<i>dese</i>			
<i>dêas</i>	<i>deses</i>	<i>dá</i>		
<i>dêa</i>	<i>dese</i>		<i>dando</i>	<i>dado</i>
<i>deamos</i>	<i>désemos</i>	<i>dade</i>		
<i>dean</i>	<i>désedes</i>			
<i>dêan</i>	<i>désen</i>			

Doer

En cent.-or **doler**, onde é regular, e mesmo en oriental **doler**. Deste dialecto unicamente cómpre sinalar que perde el -e na terceira persoa del presente de indicativo al lle engadir un pronome enclítico: *dolme, dolche, dol-lle*.

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>dole / dol [doe] dolen [doen]</i>	<i>doleu [doeu] doleron [doeron]</i>	<i>dolía [doía] dolian [doían]</i>	<i>dolerá [doerá] dolerán [doerán]</i>	<i>dolería [doería] dolerían [doería]</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>dola [doia] dolan [doian]</i>	<i>dolese [doese] dolesen [doesen]</i>	<i>dole [doe]</i>	<i>dolendo [doendo]</i>	<i>dolido [doído]</i>

Dicir

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>digo dices dice, diz dicimos dicides dicen</i>	<i>dixen dixiche dixo dixemos dixestes dixeron</i>	<i>dicía dicías dicía dicíamos diciades dicían</i>	<i>direi dirás dirá diremos diredes dirán</i>	<i>diría dirías diría diríamos diríades dirían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>diga digas diga digamos digades digan</i>	<i>dixese dixeses dixese dixésemos dixésedes dixesen</i>	<i>di dicide</i>	<i>dicindo dicendo</i>	<i>dito</i>

Durmir

El sou paradigma vale para *zurcir, ulir, subir, sufrir, acudir, cumprir*(=ser mester)

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>durmo dormes dorme durmimos durmidés dormen</i>	<i>durmín durmiche durmiu durmimos durmistes durmiron</i>	<i>durmía durmías durmía durmíamos durmíades durmían</i>	<i>durimirei durimirás durimirá durimiremos durimiredes durimirán</i>	<i>durmiría durmirías durmiría durmiríamos durmiriades curmirían</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>durma durmas durma durmamos durmadés durman</i>	<i>durmise durmises durmise durmísemos durmísedes durmisen</i>	<i>dorme durmide</i>	<i>durmindó</i>	<i>durmido</i>

Estar

Na lingua escrita parece preferíbel a forma completa fronte á da fala *tar*, que se usa en moitas zonas do galego (mesmo no galego exterior non-asturiano) e até no Brasil na lingua coloquial, por unificación co resto del idioma. No caso de se usar a forma *tar*, acentúanse todas as formas do sg. del presente de indicativo: *tóu, tás, tá*.

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
<i>estou</i>	<i>estiven</i>	<i>estaba</i>	<i>estarei</i>	<i>estaría</i>
<i>estás</i>	<i>estiviche</i>	<i>estabas</i>	<i>estarás</i>	<i>estarías</i>
<i>está</i>	<i>estevo</i>	<i>estaba</i>	<i>estará</i>	<i>estaría</i>
<i>estamos</i>	<i>estivemos</i>	<i>estábamos</i>	<i>estaremos</i>	<i>estaríamos</i>
<i>estades</i>	<i>estivestes</i>	<i>estábades</i>	<i>estaredes</i>	<i>estariades</i>
<i>están</i>	<i>estiveron</i>	<i>estaban</i>	<i>estarán</i>	<i>estarian</i>
Pres. subx.	Imp. subx.	Imperat.	Xerund.	Part.
<i>este(ñ)a</i>	<i>estivese</i>			
<i>este(ñ)as</i>	<i>estiveses</i>	<i>está(te)</i>		
<i>este(ñ)a</i>	<i>estivese</i>		<i>estando</i>	<i>estado</i>
<i>este(ñ)amos</i>	<i>estivesémos</i>			
<i>este(ñ)ades</i>	<i>estivésedes</i>	<i>estade</i>		
<i>este(ñ)an</i>	<i>estivesen</i>			

Exir

solo se conxuga en imperativo: *isca, iscade*.

Facer, faer, fer

facer

Pres. ind.	Perf.	Imp.	Fut.	Cond.
